

INDICADORES DEMOGRÁFICOS

DENSIDADE DE POBOACIÓN:

A densidade de poboación é a relación existente entre a poboación dun lugar e o espazo que ocupa. Exprésase en hab/km².

$$\text{DENSIDADE} = \frac{\text{POBOACIÓN}}{\text{SUPERFICIE EN Km}^2}.$$

TASA DE NATALIDADE:

É o número de nacementos que se producen nunha poboación, nun lugar determinado ao longo dun ano, por cada mil habitantes.

$$\text{TN} = \frac{\text{N}^\circ \text{ NACEMENTOS NUN ANO}}{\text{POBOACIÓN TOTAL}} \times 1000$$

TASA DE FECUNDIDADE:

Indicador demográfico que mide o número de fillos por muller en idade fértil ou xenésica (15 – 49). Para garantir un crecemento positivo é preciso 2'1 fillos por muller.

$$\text{TFX} = \frac{\text{N}^\circ \text{ NACEMENTOS NUN ANO}}{\text{N}^\circ \text{ de MULLERES entre 15 e 49 ANOS}} \times 1000$$

TASA DE MORTANDADE:

É o número de pasamentos que se producen nunha poboación, nun lugar determinado ao longo dun ano, por cada mil habitantes.

$$\text{TM} = \frac{\text{N}^\circ \text{ DEFUNCIÓNS NUN ANO}}{\text{POBOACIÓN TOTAL}} \times 1000$$

TASA DE MORTANDADE INFANTIL:

Indicador demográfico que mide o número de falecidos, menores dun ano, respecto dos nados nun lugar determinado ao longo dun ano, por cada mil habitantes.

$$\text{TMI} = \frac{\text{N}^\circ \text{ DEFUNCIÓNS MENORES 1 ANO}}{\text{N}^\circ \text{ de NADOS AO LONGO DO ANO/LUGAR}} \times 1000$$

CRECIMENTO NATURAL ou CRECIMENTO VEXETATIVO:

É a diferenza entre o número de nacementos e o número de defuncións, nunha poboación, nun momento dado. Pódese calcular de dous xeitos.

$$\text{TCN} = \text{T. Nat} - \text{T. Mort.}$$

$$\text{TCN} = \frac{\text{CN}}{\text{POBOACIÓN TOTAL}} \times 1000$$

CRECIMENTO REAL DA POBOACIÓN:

É o resultado do crecemento natural mais o saldo migratorio

$$\text{CR} = \text{CN} + \text{SM}$$

SALDO MIGRATORIO:

É a diferenza entre a poboación emigrante e a poboación inmigrante. É **positivo** se é superior o número de inmigrantes e **negativo** se é superior o número de emigrantes.

$$\text{SM} = \text{INMIGRANTES} - \text{EMIGRANTES}$$